

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

DECRETO 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Directiva do Consello 86/278/CEE, do 12 de xuño de 1986, relativa á protección do ambiente e, en particular, dos solos, na utilización de lodos de depuradora en agricultura establece os principios que deben presidir as normativas nacionais sobre este tema na busca dun equilibrio entre os distintos destinos dos lodos e, en particular, o da aplicación en agricultura.

A dita directiva foi incorporada á normativa estatal mediante o Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, polo que se regula a utilización de lodos de depuración no sector agrario, posteriormente desenvolvido pola Orde do 26 de outubro de 1993 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na cal se establece o procedemento para a remisión da información correspondente aos controis que, respecto dos lodos, as comunidades autónomas teñen que facer, no ámbito das súas competencias, e que posteriormente permitirán realizar o informe de síntese que o Estado debe remitir á Comisión Europea.

No preámbulo do Real decreto 1310/1990 fanse unha serie de consideracións sobre o dobre beneficio, ambiental e agrario, que o emprego dos lodos na agricultura pode supoñer para esta e tamén para a resolución parcial dun posible problema ambiental.

Pero para que tal beneficio se produza o propio real decreto especifica, a seguir, a necesidade de limitar o uso dos lodos en función duns parámetros tanto do solo como dos lodos, baseados na concentración en metais pesados, así como na cantidade máxima que pode ser achegada nun período máximo de dez anos nun terreo concreto.

No tempo transcorrido desde a aprobación destas normas xurdiron novos criterios técnicos e agronómicos que permiten adaptar mellor as exixencias da Directiva 86/278/CEE ao aproveitamento do valor fertilizante dos lodos nos solos agrarios, pero tamén novos coñecementos sobre os riscos ambientais e para a saúde pública que pode implicar o uso indiscriminado destes produtos, especialmente se non foron sometidos ao debido tratamento.

Desde a publicación da Orde do 26 de outubro de 1993, sobre utilización dos lodos de depuración no sector agrario, a produción e xestión de residuos en xeral ten sido obxecto

dun amplo desenvolvemento normativo, nos ámbitos comunitario, nacional e autonómico, no cal destaca a Directiva 2008/98/CE, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas, trasposta a través da Lei 22/2011, do 29 de xullo, de residuos e solos contaminados.

En todo aquilo que non contradí nin se opón ao establecido na Lei 22/2011, de residuos e solos contaminados, mantense en vigor a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

O Plan Nacional Integrado de Residuos para o período 2008-2015, adoptado mediante acordo do Consello de Ministros na súa reunión do 26 de decembro de 2008, e publicado mediante a resolución do 20 de xaneiro de 2009 da Secretaría de Estado de Cambio Climático, recoñece a necesidade de adaptar a lexislación existente en materia de lodos de depuradora de augas residuais, en particular os anexos da Orde do 26 de outubro de 1993 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sobre utilización de lodos de depuración no sector agrario a fin de garantir a rastrexabilidade dos lodos e unha correcta aplicación destes en solos agrarios, segundo as características analíticas de lodos e solos.

Galicia é unha comunidade autónoma cunhas características peculiares que fan precisa a adaptación da mencionada normativa para un mellor aproveitamento dos recursos agrícolas que os lodos supoñen e a evitar a deterioración ambiental que a mala utilización deses recursos podería implicar.

Entre esas características destacan o predominio dos solos con pH ácido e cuns contidos en materia orgánica e fósforo en xeral altos, a concorrencia dunha cabana gandeira elevada nas zonas de máis fácil distribución dos lodos, a parcelación excesiva que vai dificultar o manexo e a repartición destes, a pluviometría elevada e a existencia de gran número de cursos de auga que discorren polo seu territorio. A esas circunstancias hai que engadir a existencia dunha industria agroalimentaria e de produtos da pesca desenvolvida, así como unha acumulación da poboación nas zonas costeiras.

Ademais, cómpre actualizar as parcelas cedidas polos seus titulares aos xestores para aplicar produtos do tratamento dos lodos de depuradora, autorizadas con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, para a súa adaptación aos novos requisitos que nel se establecen.

Por todo o anteriormente exposto e baseándose nas competencias que o Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma en materia de agricultura e ambiente, respectivamente no seus artigos 30.I.3 e 27.30, por iniciativa das consellerías do Medio Rural e do Mar e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, oído o ditame do Consello Consultivo de Galicia, consultados os sectores afectados, tanto produtores de lodos como xestores autorizados e representantes do sector agrario e forestal, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia do día dez de maio de dous mil doce

DISPOÑO:

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este decreto ten por obxecto regular a utilización dos lodos de depuradora no sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións contidas no presente decreto son de aplicación á utilización de lodos de depuradora en solos agrarios no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Quedan fóra do ámbito de aplicación deste decreto os compost que, aínda que estean feitos a partir de lodos de depuradora, acaden a condición de fertilizantes por cumpriren todas e cada unha das especificacións establecidas no anexo I (grupo 6: emendas orgánicas) da Orde APA/863/2008, pola que se modifica o Real decreto 824/2005, sobre fertilizantes, así como as disposicións do artigo 18 de tal real decreto. Non obstante, si será de aplicación este decreto para os fertilizantes obtidos a partir de residuos que se convertan en residuo por permanecer en no almacén do fabricante dous anos desde a súa fabricación.

3. Igualmente quedan fóra os compost de cuxa composición formen parte os anteditos lodos que sexan substratos de cultivo por cumpriren todas e cada unha das especificacións establecidas para tal produto no anexo I, anexo VI e resto de disposicións aplicables contidas no Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.

4. Dentro da actividade de aplicación de lodos en solos agrarios, cuxa regulación constitúe o obxecto do presente decreto, non se considera incluída a utilización de residuos para

obtención de tecnosolos. Tal actividade vén regulada pola instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, referente á elaboración de solos (tecnosolos) derivados de residuos, instrución publicada mediante Resolución do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral (hoxe Secretaría Xeral) de Calidade e Avaliación Ambiental.

Artigo 3. Residuos utilizables para aplicación en solos agrarios.

1. Unicamente poderán ser utilizados para aplicación en solos agrarios –e sempre precedendo tratamento– os seguintes lodos:

a) Os lodos producidos en estacións depuradoras de augas residuais urbanas de titularidade ou xestión pública ou privada, identificados co código LER 19 08 05 na Lista europea de residuos (establecida pola Decisión 2000/532/CE da Comisión, do 3 de maio). Non poderán ser usados para aplicación en solos agrarios os lodos que, aínda tendo o código LER 19 08 05, procedan de estacións depuradoras que dean servizo especificamente a polígonos industriais nin a complexos hospitalarios.

b) Os lodos de fosas sépticas domésticas, identificados co código LER 20 03 04.

c) Os lodos producidos en estacións depuradoras de augas residuais asimilables ás urbanas procedentes dos seguintes tipos de agroindustrias:

– De preparación e elaboración de carne, peixe e outros alimentos de orixe animal. Os lodos destas agroindustrias teñen o código LER 02 02 04. Non poderán ser usados para aplicación en solos agrarios os lodos que, aínda tendo o código LER 02 02 04, procedan de estacións depuradoras que traten augas residuais de establecementos ou plantas que procesen material da categoría 1, segundo se define no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002. Tal exclusión de uso destes lodos será aplicable aínda que as augas residuais do establecemento ou planta teñan sido sometidas ao pretratamento de que fala o capítulo I, sección 2, do anexo IV do Regulamento (CE) n.º 142/2011 da Comisión, polo que se establecen as disposicións de aplicación do antedito regulamento (CE) n.º 1069/2009.

– De preparación e elaboración de froitas, hortalizas, cereais, aceites comestibles, cacao e café; produción de conservas; produción de lévedo e extracto de lévedo, preparación e fermentación de melazas. Aos seus lodos correspóndelles o código LER 02 03 05.

- De elaboración de azucres. Aos seus lodos correspóndelles o código LER 02 04 03.
- De industria de produtos lácteos. Aos seus lodos correspóndelles o código LER 02 05 02.
- De industria de panadaría e pastalaría. Aos seus lodos correspóndelles o código LER 02 06 03.
- De produción de bebidas alcohólicas e non alcohólicas. Aos seus lodos correspóndelles o código LER 02 07 05.

2. Ningún outro residuo dos contidos na Lista europea de residuos (sexá un lodo distinto aos anteditos ou sexá un residuo doutra natureza) poderá ser empregado para valorización mediante aplicación en solos agrarios, agás que tal residuo entre a formar parte dun dixestato ou dun compost que responda á definición dada para estes no artigo 4 do presente decreto.

Estes outros residuos de posible incorporación nun dixestato ou compost deberán estar incluídos expresamente na lista de residuos orgánicos biodegradables do anexo IV do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, aínda que o produto resultante do proceso de compostaxe ou dixestión anaerobia non poida ser cualificado como fertilizante de acordo co antedito real decreto.

3. A posible utilización como ingrediente de calquera outro residuo non incluído no antedito anexo do Real decreto 824/2005, sobre produtos fertilizantes, estará sometido á correspondente autorización da consellería competente en materia de ambiente, logo da solicitude da planta de tratamento que pretende utilizalo.

Esta última consellería, para avaliar a aptitude do residuo proposto para ser incorporado a dixestatos ou compost de aplicación ao solo agrario, solicitará informe ao respecto á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria. Tal informe será preceptivo e vinculante, e para a súa elaboración a consellería informante poderá exixir ao proponente unha caracterización físico-química exhaustiva do residuo. O proceso de avaliación da aptitude do residuo proposto como ingrediente irá dirixido fundamentalmente a:

- a) Descartar calquera risco ambiental ou para a saúde humana asociado ao seu uso.

b) Determinar se a súa presenza na mestura supón algún valor engadido para esta á hora de ser usada como emenda orgánica, xa sexa por proporcionar certo contido dalguna forma asimilable ou facilmente asimilable de, ao menos, un dos elementos nutrientes para as plantas (nitróxeno, fósforo ou potasio), xa por supoñer unha mellora das propiedades do solo.

Artigo 4. *Definicións.*

1. Para os efectos do presente decreto entenderase por:

a) Estación depuradora de augas residuais urbanas (en diante, EDAR): planta para a depuración das augas recollidas polas redes de saneamento, sexan municipais ou de calquera outra titularidade, sempre que aquelas recollan fundamentalmente augas residuais xeradas en domicilios, así como comercios, oficinas e outros servizos. Poderá recoller, ademais, os lodos de fosas sépticas domésticas da area á que dá servizo.

b) Estación depuradora de augas residuais industriais (en diante, EDARI): para os efectos do presente decreto, considerarase EDARI unha planta para a depuración das augas recollidas polas redes de evacuación de efluentes que resulten da actividade dunha industria agroalimentaria das recollidas no punto 1.c) do artigo 3 deste decreto. Unha EDARI manterá tal consideración, para os efectos deste decreto, aínda que depure, conxuntamente cos efluentes industriais, as augas fecais do persoal que traballe no establecemento agroindustrial.

c) Lodos de depuradora: residuo semi-líquido, con solutos e sólidos en suspensión, obtido da actividade de depuración de augas residuais en EDAR ou EDARI.

En toda referencia a lodos de depuradora no presente decreto entenderase que, ademais de teren a súa orixe nunha EDAR ou EDARI, segundo as definicións dadas nos puntos anteriores, tales lodos reúnen as condicións para seren clasificados como residuos non perigosos de acordo coa Decisión 2000/532/CE da Comisión, do 3 de maio, pola que se aproba a Lista europea de residuos (LER), e que, ademais, non superan os contidos en metais pesados establecidos polo R.D. 1310/1990, do 29 de outubro, polo que se regula a utilización dos lodos de depuración no sector agrario, que aparecen recollidos como anexo I deste decreto.

d) Produtos do tratamento de lodos de depuradora (en diante, denominados coas siglas PTLD): con esta denominación designarase o conxunto dos lodos tratados de depuradora, compost e dixestatos, tal e como veñen definidos nos puntos seguintes.

e) Lodos tratados de depuradora: os lodos procedentes de EDAR ou EDARI, tratados por unha vía biolóxica, química ou térmica, de forma que se reduza, de maneira significativa, a súa biodegradabilidade e o seu potencial para causar molestias e danos para a saúde e o ambiente no seu manexo e utilización no campo. Os procedementos recoñecidos para o tratamento de lodos de depuradora aparecen recollidos no anexo II deste decreto.

f) Dixestato: para os efectos do presente decreto, considerarase dixestato o produto resultante da dixestión anaerobia ou aerobia (sempre que non se trate dun proceso de compostaxe) dun substrato orgánico constituído parcialmente por lodos de depuración procedentes dunha EDAR ou EDARI. Se os únicos substratos da dixestión anaerobia foren lodos de depuradora, o produto resultante terá, no ámbito deste decreto, a consideración de lodo tratado.

g) Compost: para os efectos do presente decreto, considerarase compost o produto resultante da maduración aeróbica, en moreas ou túnel, dunha mestura de substratos orgánicos na cal entren lodos de depuración procedentes dunha EDAR ou EDARI. Ademais, no ámbito deste decreto, a denominación compost referirase –agás indicación en sentido contrario– aos produtos de compostaxe que, ademais de incluíren na súa composición lodos de depuradora, queden fóra das especificacións para o compost contidas no anexo I (grupo 6: emendas orgánicas) da Orde APA/863/2008, pola que se modifica o Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre fertilizantes, ou das especificacións dadas para o produto igualmente denominado (compost) no Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.

h) Produtor de lodos: para os efectos do presente decreto, entenderase como produtor de lodos a persoa física e xurídica explotadora da EDAR ou EDARI onde se xeran aqueles.

i) Xestor de lodos: para os efectos do presente decreto, terá esta consideración quen leve a cabo actividades de recolla, transporte e tratamento de lodos de depuradora.

j) Planta de tratamento de lodos: instalación onde se reciben lodos de depuradora (e eventualmente, nos casos das plantas de compostaxe ou biodixestión, os residuos doutra natureza a que se refire o punto 2 do artigo 3 deste decreto) e se aplica sobre tales lodos algún dos tratamentos que veñen recollidos no anexo II do presente decreto. As EDAR e EDARI que teñan capacidade técnica para aplicar os ditos tratamentos *in situ* sobre os propios lodos que producen tamén terán a consideración de planta de tratamento.

CAPÍTULO II

Réxime de autorizacións

Artigo 5. *Presentación das solicitudes de autorización.*

1. As solicitudes de autorización das actividades vinculadas a lodos de depuradora destinados a aplicación agraria poderán ser presentadas en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes poderán formalizarse por un dos procedementos que seguen:

a) En soporte papel, segundo os modelos normalizados que se recollen como anexos III, IV, V-b e VI do presente decreto, segundo sexa o caso.

b) Telematicamente, transmitindo a solicitude, xunto coa documentación necesaria, se for o caso, ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, sempre que o solicitante (ou o seu representante legal para efectos da solicitude) posúa o correspondente certificado dixital expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou ben o documento nacional de identidade electrónico (DNIe). Tal transmisión telemática farase a través do sitio web <https://sede.xunta.es>. De achegar documentación coa súa solicitude, o administrado engadirá, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que se lle poida requirir a exhibición dos orixinais correspondentes en calquera momento da tramitación do procedemento.

3. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos neste decreto, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

Artigo 6. *Autorización inicial das estacións depuradoras de augas residuais para destinar os seus lodos á aplicación en solos agrarios vía tratamento previo.*

1. As persoas físicas ou xurídicas explotadoras de estacións de depuración de augas residuais que produzan lodos que pretendan destinar, logo de tratamento, a aplicación en solos agrarios, deberán presentar, ante a consellería competente en materia de ambiente a «ficha de características da planta de depuración» que figura como anexo III deste de-

creto, xunto cunha análise do lodo que inclúa ao menos, os parámetros indicados no último apartado de tal ficha de características. A análise achegada debe corresponder a unha data dentro da metade do ano en que a EDAR/EDARI presenta a solicitude de autorización, agás que se teña presentado tal solicitude dentro do primeiro mes do semestre natural, circunstancia en que se admitirá a achega dunha análise do semestre inmediatamente anterior.

A ficha de características da planta de depuración, xunto coa correspondente análise, constitúe, en si mesma, unha solicitude de autorización para destinar os seus lodos á aplicación agraria, sempre logo do paso por un tratamento dos recollidos no anexo II deste decreto, que poderá ser realizado na propia EDAR/EDARI ou nunha planta de tratamento autorizada. En consecuencia, a planta de depuración non poderá destinar os lodos á aplicación en solos agrarios –vía tratamento previo, na propia planta depuradora ou nunha de tratamento–, en tanto o solicitante non recibise a resolución da autorización correspondente, ditada pola consellería competente en materia ambiente.

2. Cando a EDAR/EDARI pretenda modificar significativamente o volume de augas residuais tratadas ou lodos obtidos, os tratamentos aplicados tanto ás augas como aos lodos, ou cando se dean outras circunstancias que modifiquen as tidas en conta no momento do outorgamento da autorización, a estación depuradora deberá presentar novamente a ficha de características, xunto cunha nova análise, ante a consellería competente en materia de ambiente para a súa reavaliación como produtor de lodos aptos para aplicación no sector agrario.

3. Recibida a ficha e a análise pola consellería competente en materia de medio ambiente, esta remitirá copia á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria, quen haberá de emitir un informe-proposta sobre a avaliación da aptitude de lodos de depuradora para a súa aplicación en solos agrarios vía tratamento previo, regulada no artigo 7 deste decreto. Tal informe é preceptivo e vinculante, de xeito que o órgano concedente non poderá ditar resolución autorizando unha instalación produtora de lodos para destinar estes a aplicación en solos agrarios se recibiu informe negativo da dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria.

4. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución das solicitudes de autorización as que se refire o presente artigo será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que sexa notificada a correspondente resolución expresa, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, conforme o artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Avaliación da aptitude dos lodos de depuradora para a súa aplicación en solos agrarios vía tratamento previo.

1. A avaliación da aptitude dos lodos para a súa aplicación en solos agrarios, tanto a que corresponde á solicitude de inicio de actividade como a que se leva a cabo tras calquera modificación das previstas no punto 2 do artigo 6 deste decreto, será feita en virtude dos contidos de metais pesados recollidos na súa análise pola dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria. Só se autorizará a súa utilización se todos e cada un dos metais pesados considerados está por baixo dos niveis límites recollidos no anexo I deste decreto. Se os lodos proceden dunha EDAR cunha poboación equivalente de deseño igual ou maior de 50.000 habitantes equivalentes, só se considerarán aptos se, ademais de cumpriren o antedito criterio de metais pesados, teñen un contido do composto orgánico benzo-(a)-pireno que non supera o límite igualmente establecido no anexo I deste decreto.

2. Se a planta depuradora non reúne as condicións e capacidades técnicas para aplicar aos lodos frescos algún dos tratamentos recollidos no anexo II do presente decreto, e para obter consecuentemente PTLTD, terá que facer entrega da fracción dos lodos que pretenda destinar á aplicación en solos agrarios a unha planta de tratamento. Os lodos sen tratar non poderán ser aplicados directamente en solos agrarios baixo ningunha circunstancia.

Artigo 8. Autorización inicial das instalacións de tratamento de lodos para destinar os produtos do tratamento á aplicación en solos agrarios.

1. A instalación en territorio galego de plantas de tratamento de lodos de depuración para destinalos a uso agrario deberá ser autorizada pola consellería competente en materia de ambiente, conforme o disposto pola Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. A persoa física ou xurídica explotadora da dita planta deberá obter, ademais, autorización como xestor de residuos do órgano competente en materia de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia, que será válida para todo o territorio español. No caso de que o xestor teña o seu domicilio en Galicia, tramitarase unha única autorización que comprenderá as instalacións e as operacións de tratamento.

A maiores da documentación que establece a normativa vixente en materia de residuos, a persoa física ou xurídica explotadora da instalación deberá presentar a «ficha de caracterís-

ticas da planta de tratamento» que figura como anexo IV deste decreto, xunto cunha análise de cada produto final do tratamento, que inclúa ao menos os parámetros indicados na parte final da dita ficha de características. A análise achegada debe corresponder a unha mostra representativa do dito produto, considerando o substrato de tratamento (compoñentes da mestura e proporcións destes) que se está a propoñer na ficha de características da planta. Se se propoñen varias mesturas de substratos ou varios tratamentos, o PTLD resultante de cada unha de tales mesturas e/ou tratamentos, deberá vir representado pola súa correspondente análise. En calquera caso, os lodos en bruto que propoña como substrato teñen que ter avaliada a súa aptitude segundo o descrito no artigo 7 deste decreto e deben de proceder de estacións depuradoras autorizadas conforme o procedemento recollido no artigo 6 tamén do presente decreto. Polo que respecta aos residuos distintos de lodos de depuradora, aos cales se refire o punto 2 do artigo 3 deste decreto, deberán ter sido avaliados como aptos para entraren como substratos de tratamento, en función do artigo 9 tamén deste decreto.

Aínda que a entidade explotadora da planta de tratamento non faga cos seus propios medios a aplicación material dos PTLD en parcelas agrarias, senón que utilice os servizos dun terceiro, será tal entidade explotadora a única responsable do correcto desenvolvemento da dita actividade, nas condicións que se describen neste decreto nos artigos 15, 16 e 17 e nas parcelas que se avalíen como aptas segundo o procedemento descrito no artigo 11 e 12 deste decreto.

Para propoñer as parcelas onde a planta de tratamento pretende levar a cabo a aplicación dos seus lodos, a persoa física ou xurídica explotadora da dita planta deberá engadir á súa solicitude de autorización a denominada «ficha de cesión de parcelas agrarias para aplicación de produtos do tratamento de lodos de depuradora (PTLD)» (que consta como anexo V-a deste decreto) por cada un dos titulares/explotadores que lle ceden as súas leiras para tal fin, así como as análises das mostras de solo recollidas nelas e tomadas segundo o protocolo que vén recollido no punto 2 do anexo VII deste decreto.

2. Recibida a ficha de características da planta e a documentación correspondente polo consellería competente en materia de ambiente, esta remitirá copia á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria, quen deberá de emitir un informe-proposta sobre a avaliación dos produtos do tratamento de lodos de depuradora para a súa aplicación en solos agrarios e a avaliación da aptitude das parcelas propostas para seren receptoras de PTLD. Tal informe é preceptivo e vinculante, de xeito que o órgano concedente non poderá ditar resolución autorizando unha planta de tratamento para destinar os seus PTLD a aplicación en solos agrarios se recibiu informe negativo da dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria.

A planta de tratamento non poderá destinar ningún dos seus produtos á aplicación a solos agrarios en tanto non teña recibido a resolución da autorización correspondente.

Tal resolución, emitida pola consellería competente en materia de ambiente, fará constar a identificación das instalacións produtoras de lodos (e, de ser o caso, doutros residuos que se pretendan empregar) das cales unicamente se poderá subministrar a planta de tratamento, así como os códigos LER dos produtos que especificamente cada unha delas poderá entregarlle. Ademais, recollerá as condicións, obrigas e prohibicións que debe asumir a entidade explotadora da planta de tratamento referidas á aplicación material dos seus PTLD nas parcelas que se lle autoricen (cuxa relación se engadirá como anexo da resolución), tanto se a dita aplicación é levada a cabo polos seus propios medios como se fai uso dos servizos dun terceiro para tal fin.

3. A persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento deberá achegar novamente, ante o órgano que outorgou a autorización inicial, a ficha de características –e máis unha nova análise– sempre que pretenda:

a) Incorporar ou cambiar os subministradores (EDAR/EDARI) de lodos en bruto. Como queda dito, calquera novo subministrador terá que ter sido autorizado previamente como produtor de lodos aptos para aplicación en solos agrarios.

b) Incorporar ou cambiar os subministradores dos residuos distintos de lodos, aos cales fai referencia o punto 2 do artigo 3 deste decreto. A incorporación dun novo residuo destas características deberá ir precedida da resolución da súa avaliación como apto.

c) Modificar, dunha maneira significativa, as proporcións dos lodos empregados como substrato.

d) Modificar os parámetros do tratamento aplicado.

De igual maneira que coa ficha de características de inicio da actividade, a presentación da de modificación implica unha solicitude ante a Administración, e non se poderán destinar os produtos do tratamento modificado á aplicación agraria en tanto non se teña recibido a resolución expresa de autorización da modificación.

4. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución das solicitudes de autorización a que se refire o presente artigo será de dez meses. Transcorrido este prazo sen que fose

notificada a correspondente resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, conforme os artigos 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 27 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 9. Avaliación da aptitude dos residuos distintos de lodos de depuradora para a súa incorporación a compost e dixestatos.

1. Se na planta de tratamento de lodos de depuradora se ten previsto producir compost ou dixestatos e para a súa elaboración se pretende incorporar algún residuo dos que se refiren no punto 2 do artigo 3 do presente decreto, tal planta de tratamento previamente terá que presentar a correspondente «ficha de caracterización dun residuo distinto de lodos de EDAR ou EDARl», que se recolle como anexo VI deste decreto. A planta de tratamento que xa estea autorizada deberá actuar de igual modo, sempre que pretenda incorporar un novo residuo das anteditas características que sexa distinto dos que constan na súa autorización, ou ben un novo subministrador, aínda que sexa dun residuo que xa teña autorizado.

2. A antedita ficha presentárase xunto cunha análise do residuo que recolla, como mínimo, as determinacións analíticas que constan no último apartado dela, ante a consellería competente en materia de ambiente. Para a resolución da solicitude, esta consellería solicitará un informe, preceptivo e vinculante, á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria.

3. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución das solicitudes a que se refire o presente artigo será de dez meses. Transcorrido este prazo sen que sexa notificada a correspondente resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, conforme os artigos 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 27 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 10. Avaliación da aptitude dos produtos do tratamento de lodos de depuradora para a súa aplicación en solos agrarios.

A avaliación da aptitude dos PTLTD (lodos tratados, dixestato ou compost) para a súa aplicación en solos agrarios, tanto a que corresponde á solicitude de inicio de actividade como a que se leva a cabo tras as modificacións da planta de tratamento descritas no pun-

to 3 do artigo 8 deste decreto, será feita pola dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria, baseando tal avaliación en:

a) A orixe dos lodos –e, de ser o caso, dos outros residuos– empregados na elaboración do PTLD que se está a avaliar. Os lodos empregados teñen que ter sido declarados aptos en virtude do artigo 7 deste decreto, e autorizados como substratos de tratamento especificamente para a planta elaboradora do PTLD que se está a avaliar. No caso dos residuos distintos de lodos empregados para a elaboración de compost e dixestatos, teñen que ter sido declarados aptos en virtude do artigo 9 do presente decreto.

b) O tratamento aplicado para a súa obtención. Tal tratamento dererá axustar, no seus parámetros e características, a algún dos recollidos no anexo II deste decreto.

c) O contido de metais pesados e de materia seca do PTLD. Sen prexuízo do cumprimento dos requisitos vistos nos puntos anteriores, o PTLD avaliarase como apto se o seu contido en todos e cada un dos sete metais pesados recollidos no anexo I deste decreto non supera os correspondentes limiares máximos que nese mesmo anexo se establecen. Pero, ademais, segundo sexa o caso, o contido en materia seca deberá cumprir:

– No caso de lodos tratados (agás os obtidos por secado térmico) e dixestatos, que o contido en materia seca non sexa inferior a un 20%. Os lodos tratados obtidos por secado térmico presentarán un contido de materia seca non inferior do 90%.

– No caso de compost, que o contido en materia seca non sexa menor do 60%.

Artigo 11. *Avaliación da aptitude das parcelas propostas para ser receptoras de PTLD.*

1. Dentro da solicitude de autorización inicial das instalacións de tratamento de lodos para destinar os seus PTLD a aplicación en agricultura de que fala o artigo 8 do presente decreto, a persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento deberá achegar a/s correspondente/s ficha/s de cesión de parcelas para aplicación de PTLD (anexo V-a deste decreto), xunto coas súas análises de solo cos parámetros que se indican no anexo VII tamén deste decreto. Descríbese neste último anexo, ademais, o protocolo que se debe seguir para a recolla de mostras e os niveis máximos de partida admitidos para que un solo sexa considerado apto para aplicación de produtos do tratamento de lodos de depuradora, pola dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria.

2. Unha vez autorizada a planta de tratamento para a actividade de aplicación en agricultura dos seus PTLD, tal planta poderá solicitar a incorporación de novas parcelas para esa mesma actividade, ou a renovación daquelas que teñan chegado á fin do seu período de autorización, mediante a «solicitud de incorporación/renovación de parcelas para aplicación de produtos do tratamento de lodos de depuradora (PTLD)», que figura como anexo V-b deste decreto. Xunto a tal solicitud, a planta de tratamento presentará a/s correspondente/s ficha/s de cesión de parcelas agrarias para aplicación de PTLD (anexo V-a do presente decreto), asinada/s polo titular cedente destas, así como as análises que se establecen no anexo VII deste decreto.

3. A solicitud de incorporación de novas parcelas ou de renovación do período de autorización das xa autorizadas deberá ser presentada ante a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria.

4. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución das solicitudes de incorporación/renovación de parcelas para aplicación de PTLD será de seis meses. Transcorrido este prazo sen que fose notificada a correspondente resolución expresa, o interesado poderá entender estimada a súa solicitud por silencio administrativo, conforme o artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Unha copia da resolución de incorporación/renovación de parcelas, se tal resolución é expresa, será remitida ao titular cedente das ditas parcelas para o seu coñecemento.

6. As parcelas que se pretenden incorporar (ou aquelas cuxo período de autorización se pretende renovar) non poderán ser utilizadas pola planta de tratamento en tanto non fosen obxecto de resolución, expresa ou presunta, da súa correspondente solicitud de incorporación/renovación.

Artigo 12. Consideracións adicionais para a avaliación das parcelas propostas para ser receptoras de PTLD.

1. Para a avaliación da aptitude das parcelas propostas pola planta de tratamento, ademais dos valores dos parámetros exixidos na análise do solo, terase en consideración:

a) O uso dos recintos SIXPAC das parcelas propostas. Non se admitirán aqueles que teñan un uso «ZU» (zona urbana), «IM» (improdutivo), «CA» (vías), «ED» (edificacións), «AG» (correntes e superficies de auga), nin «IV» (invernadoiros e cultivos baixo plástico).

b) A proximidade de augas superficiais e captacións subterráneas. Non se admitirán recintos que estean, nalgún dos seus puntos, a menos de 50 metros de cursos de auga, lagos ou encoros non destinados a abastecemento público; a menos de 200 metros de pozos, mananciais, fontes, captacións ou encoros para abastecemento público; a menos de 15 metros de conducións pechadas e depósitos de abastecemento de auga; a menos de 250 metros de zonas de baño tradicionais. En calquera caso, para a determinación de posibles afeccións vinculadas coa protección das augas, as parcelas propostas serán sometidas ao informe, preceptivo e vinculante, do organismo de bacía que corresponda en función da súa situación xeográfica, así como a exposición pública no concello onde estean radicadas para que os veciños poidan trasladar toda información que consideren relevante relativa á situación de mananciais, puntos de captación e conducións non inventariadas.

c) Non se admitirán recintos de uso forestal que, por presentaren unha alta densidade de árbores, unha distribución desordenada destas e/ou un desenvolvemento non controlado das matogueiras ou do sotobosque, impidan o acceso axeitado dos equipos de distribución dos lodos e a repartición homoxénea destes en toda a súa superficie. Admitirase a aplicación en parcelas forestais con repoboacións ordenadas ou naquelas con mato aberto, sempre que nestas se proceda a unha limpeza periódica do mato de xeito que se limite a posibilidade de incendios forestais e a súa propagación.

d) Non se admitirán recintos que nalgún dos seus puntos disten menos de 250 metros de construcións residenciais ou auxiliares e anexas a estas, así como de construcións e áreas hostaleiras, comerciais/industriais, deportivas ou recreativas.

e) Con carácter xeral, non se admitirán recintos que nalgún dos seus puntos disten menos de 250 metros dalgún ben inmovible catalogado como de interese cultural (segundo a Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia), aínda que, nos casos de presenza de tipo puntual e illada de monumentos, zonas arqueolóxicas ou paleontolóxicas ou lugares de interese etnográfico, se someterán ao criterio da consellería competente en materia de patrimonio unha eventual redución desta distancia.

f) Non se admitirán recintos que nalgún dos seus puntos disten menos de 30 metros contados a partir dos límites exteriores de calquera dos Camiños de Santiago no seu percorrido pola nosa comunidade autónoma, en aplicación do artigo 16 da Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago de Galicia.

g) Non se admitirán recintos que nalgún dos seus puntos disten menos de 100 metros de construcións agropecuarias, así como da súas áreas auxiliares non construídas (eiras, patios de exercicio, áreas de espera ou de carga, curros etc.).

h) Non se admitirán recintos que se atopen dentro dos lindes dun monte veciñal en man común, agás que a ficha de autorización se acompañe dunha certificación expedida polo secretario da asemblea xeral do monte veciñal expresiva do acordo de ceder o uso dun lote específico, adoptada consonte as maiorías que marca a normativa que resulte de aplicación. En calquera caso, para a súa identificación dentro da antedita ficha de autorización non se admitirá a referencia virtual polígono 999 parcela 99999, empregada para os efectos de indicar un aproveitamento comunal de tales montes na declaración de superficies da PAC, senón que será necesaria a referencia SIXPAC.

i) Non se admitirán recintos que se atopen dentro do ámbito territorial dun espazo natural protexido, dos determinados na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, en cuxo plan de ordenación conste a prohibición expresa da práctica de aplicación de lodos de depuradora, ou ben naqueles espazos que, a criterio da unidade competente en materia de conservación da natureza, tal práctica sexa incompatible coa protección buscada do espazo natural.

j) Non se admitirán recintos que estean comprometidos, dentro dunha solicitude unificada da PAC, nas liñas agroambientais denominadas «control integrado», «producción integrada» e «agricultura/gandaría ecolóxica». Tampouco se admitirá un recinto se, aínda non estando el mesmo comprometido en ningunha das anteditas liñas agroambientais, forma parte dunha parcela que contén outros recintos que si o están e son lindantes co proposto.

k) Non se admitirán recintos contidos en parcelas que fosen obxecto de arrendamento a través do Banco de Terras, agás que xunto coa ficha de autorización de uso das terras –que deberá estar asinada polo arrendatario que conste no Bantegal– se presente un escrito asinado polo propietario arrendador, no cal este expresamente autorice o desenvolvemento da actividade de aplicación de produtos de tratamento de lodos de depuradora sobre a/s parcela/s obxecto do arrendamento.

l) Non se admitirán recintos que consten no SIXPAC cunha pendente igual ou maior do 25%.

2. Para os efectos de realizar a debida avaliación da aptitude das parcelas propostas, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria

poderá requirir información adicional ao solicitante, particularmente sobre o uso das construcións próximas e sobre os puntos de abastecemento de auga destas.

Tamén o antedito órgano administrativo investigará en calidade de que actúa o cedente cando asina a ficha de autorización de parcelas a favor da planta de tratamento; para tal fin comprobarase se os recintos das parcelas cedidas constan nalgunha solicitude unificada de axudas da PAC e, de ser así, se tal solicitude está a nome do cedente. Se o recinto cedido non aparecer declarado en ningunha solicitude unificada ou ben se aparecer na doutra persoa distinta ao cedente, solicitarase ao aplicador aclaración ao respecto e, de ser o caso, acreditación da propiedade ou dereito de uso do recinto en cuestión.

Artigo 13. Obrigas que afectan aos produtores de lodos sen tratar.

1. As EDAR/EDARI que estean autorizadas, en virtude do artigo 6 deste decreto, a destinar parte ou toda a súa produción de lodos á aplicación no sector agrario e non conten coa capacidade técnica necesaria para daren a tales lodos algún dos tratamento recollidos no anexo II do presente decreto, deberán dirixir estes a unha planta de tratamento que previamente fose autorizada de acordo co procedemento descrito no artigo 8 deste decreto.

2. Cada lote ou partida de lodos sen tratar que saia da estación depuradora con destino á planta de tratamento deberase acompañar da «ficha de rastrexabilidade» que figura como anexo VIII do presente decreto e dunha análise realizada no semestre natural en curso correspondente ao momento da entrega. As determinacións contidas na análise serán, como mínimo, as que figuran na dita ficha para o caso particular dos lodos sen tratar.

Unha copia da ficha de rastrexabilidade de cada entrega permanecerá en mans da estación depuradora e outra será entregada á planta de tratamento, xunto con copia da análise que lle corresponde.

A copia en poder da planta depuradora será arquivada e permanecerá á disposición de eventuais controis da administración durante 5 anos.

3. A información contida nas fichas de rastrexabilidade de todos os lotes entregados no semestre será compilada pola EDAR/EDARI, no «resumo semestral de movementos e lotes de lodos sen tratar» (anexo IX deste decreto). Os dous resumos semestrais do ano serán remitidos á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria, dentro do primeiro mes do ano seguinte a aquel a que fan referencia, a fin de que tal unidade envíe a documentación necesaria ao Rexistro Nacional de Lodos.

Artigo 14. Obrigas das plantas de tratamento, relativas á elaboración dos PTLD.

1. As plantas de tratamento de lodos de depuradora (entendendo como tales tanto as instalacións alleas ás EDAR/EDARI que reciben e tratan os lodos que estas producen, como as propias plantas depuradoras se contan coa capacidade técnica para daren tratamento aos lodos *in situ*) que estean autorizadas, en virtude do artigo 8 do presente decreto, a destinar parte ou todos os seus produtos de tratamento á aplicación no sector agrario, poderán realizar directamente tal actividade por si mesmas ou mediante un terceiro; en ambos os dous casos, é responsabilidade da persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento o desenvolvemento correcto da aplicación no solo agrario, de acordo cos requisitos que se establecen no presente decreto.

2. Se a planta de tratamento é unha instalación allea á EDAR/EDARI produtora de lodos, todos os lotes ou partidas de lodos sen tratar que reciba das plantas depuradoras deberán vir acompañados pola súa ficha de rastrexabilidade (anexo VIII deste decreto), así como da análise que lle corresponda. As fichas de rastrexabilidade dos lotes recibidos serán arquivadas durante 5 anos e permanecerán á disposición de eventuais inspeccións por parte da Administración.

3. Se a partida recibida vai ser mesturada con outras doutras procedencias para constituír conxuntamente un lote de produto de tratamento, a planta de tratamento velará por manter un manexo axeitado –no que se refire a separación e identificación– das ditas partidas en recepción e almacenamento ata a súa mestura, e levará o soporte documental necesario que permita asegurar a rastrexabilidade desde a orixe ao destino de cada lote de PTLD. Para estes efectos, a planta de tratamento anotará, na parte final da ficha de rastrexabilidade correspondente a cada lote de PTLD a orixe dos lodos e outros residuos empregados e a proporción (expresada como volume sobre volume ou masa sobre masa) en que cada un destes participa na mestura.

Artigo 15. Obrigas das plantas de tratamento, relativas á entrega, traslado e aplicación dos PTLD.

1. Cada lote ou partida que saia da planta de tratamento con destino á aplicación en solos agrarios deberase acompañar da súa correspondente «ficha de rastrexabilidade» (anexo VIII deste decreto) e dunha análise realizada no ano natural en curso no momento da entrega. Se no lote entrou algún lodo dun subministrador novo –que fose, en calquera caso, previamente autorizado– ou ben se se cambiou significativamente a proporción na

mestura dos xa existentes, a análise terá que ser do propio lote. As determinacións contidas na análise serán, como mínimo, as que figuran na dita ficha de rastrexabilidade.

Se para un lote de PTLTD a planta ten previsto facer aplicacións en parcelas de varios titulares, tal lote irá acompañado de tantas fichas de rastrexabilidade (en xogos de dúas copias) como titulares. Unha vez feita a aplicación (ou feito o depósito, no caso de que o destino do lote sexa un punto de acumulación autorizado segundo se establece no artigo 17 deste decreto), o titular asinará a ficha de rastrexabilidade que lle corresponda, entregáraselle unha copia e a outra irá de volta á planta de tratamento.

A copia en poder da planta de tratamento será arquivada –xunto coas fichas de rastrexabilidade de todos os lotes de lodos sen tratar que foron utilizados como substrato de tratamento– e permanecerá á disposición de eventuais controis da Administración durante 5 anos.

2. A información contida nas fichas de rastrexabilidade de todos os lotes entregados no semestre será compilada pola planta de tratamento de lodos, no «resumo semestral de movementos e lotes de produtos de tratamento de lodos de depuradora» (anexo X deste decreto). Os dous resumos semestrais do ano serán remitidos á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria, dentro do primeiro mes do ano seguinte a aquel a que fan referencia, a fin de que a antedita unidade envíe a documentación necesaria ao Rexistro Nacional de Lodos.

3. A persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento deberá remitir por cada recinto SIXPAC (ou agregado de recintos, entendendo como tal un conxunto destes, uniforme no que respecta a características físicas e de uso SIXPAC, para os que unha única análise de solo resulta representativa) no que se fixesen aplicacións ao longo do trimestre, o documento «relación de achegas de produtos de tratamento de lodos de depuradora (PTLTD) no último trimestre» (segundo o anexo XI do presente decreto). Tal documento debe ser remitido á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria dentro dos 30 días seguintes á fin do trimestre a que fai referencia. A planta de tratamento asegurase de que unha copia do antedito documento queda en mans do titular da parcela, para que este dispoña de xustificación documental das achegas de PTLTD, e as datas en que estas tiveron lugar, ante eventuais controis relativos ás axudas PAC ou doutro tipo que poida ter solicitado.

4. A persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento autorizada para o desenvolvemento da actividade obxecto do presente decreto haberá de velar para que coas

sucesivas achegas de PTLD ao longo do ano sobre un determinado recinto (ou agregado) autorizado non se superen ningún dos seguintes límites:

a) As achegas máximas por ano de sete metais pesados (cadmio, cobre, níquel, chumbo, zinc, mercurio e cromo) que establece o Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, polo que se regula a utilización dos lodos de depuración no sector agrario. Tales achegas máximas anuais veñen recollidas no anexo XII do presente decreto.

b) As cantidades de nitróxeno e fósforo que o cultivo ou aproveitamento presente na parcela pode previsiblemente extraer do solo, recollidas igualmente no anexo XII deste decreto.

Artigo 16. *Obrigas das plantas de tratamento relativas á suspensión das aplicacións de PTLD.*

1. A planta de tratamento autorizada suspenderá as aplicacións de PTLD sobre un recinto ou agregado cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando o solo da parcela estea saturado de auga, inundado, xeadado ou cuberto de neve, ata que se dean as condicións climatolóxicas que permitan o acceso dos equipos de aplicación e a axeitada absorción polo solo do PTLD, sen que exista xa risco de escorreduras.

b) Cando se acadase a máxima achega anual dalgún dos sete metais indicados no punto 5 do artigo 15 deste decreto, de nitróxeno ou de fósforo. A suspensión, agás que a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria indique outra cousa, será polo que quede do ano, podéndose reiniciar a actividade ao ano seguinte, sempre que o período de autorización non teña chegase á súa fin.

c) Cando terminase o período de autorización do recinto ou agregado. Tal período de autorización terá unha duración máxima de 10 anos e para a súa determinación terase en conta o disposto na sección primeira do anexo VII do presente decreto. A planta de tratamento non poderá continuar as aplicacións na parcela en cuestión senón ata rematado un período de descanso de, como mínimo, cinco anos, e, en calquera caso, sempre logo de solicitude, conforme o disposto no artigo 11 deste decreto, e a conseguinte resolución de autorización das parcelas.

d) Cando o titular cedente da parcela comunique á Administración que desexa dar por concluído, por calquera motivo, o período de autorización daquela antes do seu remate.

2. A persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento suspenderá a súa actividade de aplicación en todas as parcelas que ten aprobadas cando o órgano competente acorde tal suspensión como medida provisional urxente, como medida cautelar ou por imposición dunha sanción polo dito órgano competente, tras a tramitación do correspondente procedemento consonte o previsto no capítulo II do título VII da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 17. Obrigas das plantas de tratamento relativas á acumulación no campo de produtos do tratamento de lodos previas á súa aplicación.

1. A planta de tratamento autorizada para tratar lodos de depuradora para destinar a uso agrario poderá acumular os PTLD nun punto da explotación do titular cedente á espera de que as condicións edafoclimáticas sexan as indicadas para a realización material da actividade. En calquera caso, este punto de acumulación ten que estar previamente autorizado, unha vez comprobado o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) As instalacións de acumulación de PTLD deben ser estancas (agás no caso do compost ou dos lodos tratados obtidos por secado térmico, para os cales se permitirá a acumulación en moreas sobre unha lámina plástica directamente sobre o chan). Tales depósitos estancos poden ser fosas de xurro que quedasen en desuso, silos trinchreira de formigón (sempre que contén con pendente cara a unha fosa de efluentes e o PTLD acumulado teña unha materia seca non menor do 30%) tamén en desuso, ou balsas específicas de materiais plásticos.

b) Os puntos de acumulación de PTLD deberán contar cunha cuberta, fixa ou móbil en forma de lámina plástica, que evite a incorporación de augas de chuvia. Se o punto de acumulación de PTLD for unha fosa ou balsa plástica (pero non se se trata dun silo trinchreira ou dunha morea), abondará, en ausencia da antedita cuberta, con que tal punto de acumulación conte co volume suficiente para a recolla conxunta de PTLD e as augas pluviais sen que se produzan rebordamentos.

c) A parcela na cal se pretenda localizar o punto de acumulación estará sometida, á hora de avaliar a súa aptitude para acoller tal punto, aos mesmos límites que aparecen recollidos no punto 1 do artigo 12 deste decreto. Como únicas excepcións a estas limitacións, admitirase que o punto de acumulación estea situado nun recinto SIXPAC que teña un uso SIXPAC «IM» ou «ED», ou ben que non cumpra a distancia mínima a unha explotación agropecuaria establecida no apartado g) do artigo 12.1 deste decreto; pero, en calquera

caso, o recinto en cuestión terá que ser apto en virtude de todos e cada unha das outras limitacións recollidas no antedito artigo.

d) A titularidade do punto de acumulación (da parcela onde se sitúa a morea ou da fosa, balsa ou silo) debe corresponder a quen sexa tamén titular de parcelas cedidas para aplicación directa, ás cales dará servizo exclusivamente.

e) A titularidade do punto de acumulación e das parcelas a que este dá servizo, exclusivamente poderá corresponder a unha persoa física ou xurídica que sexa solicitante ou beneficiaria (por si mesma, como titular de explotación, ou como cotitular) dalgunha axuda dos réximes a que fai referencia o artigo 1 do Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da PAC, os beneficiarios de determinadas axudas ao desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas dos programas de apoio á reestruturación e á prima de arrinca da viña.

2. As obrigas da persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento, en relación coa utilización do punto de acumulación de PTLD, serán as seguintes:

a) No punto de acumulación só poderá depositar cantidades dun determinado PTLD obtido na planta de tratamento, é dicir, unicamente do produto resultante dun determinado tratamento aplicado sobre unha determinada mestura de substratos. Para que a análise que acompaña a ficha de rastrexabilidade dun lote do PTLD siga a ser representativa da súa composición, e dado que para tal análise se admite unha validez dun ano –en tanto se manteñan sen cambios os parámetros de tratamento, así como os substratos e as súas proporcións–, permitirase unicamente a mestura, no punto de acumulación, de varios lotes do mesmo PTLD producidos en distintas datas, pero sempre que estas se correspondan ao mesmo ano natural.

b) Deixando á parte as posibles limitacións de capacidade da instalación (especialmente se esta non dispón de cuberta e, por tanto, debe contar con volume adicional para augas pluviais), no punto de acumulación poderase almacenar exclusivamente a cantidade de PTLD máxima que admitan as parcelas autorizadas cedidas polo titular nun período trimestral. Tales cantidades terán sido calculadas en virtude do anexo XII deste decreto.

c) Aínda que se trate do mesmo PTLD, cada lote entregado e acumulado deberá ir acompañado pola súa correspondente ficha de rastrexabilidade, que permanecerá en poder do titular do punto de acumulación.

d) Só cando teña lugar a aplicación efectiva do PTLD anotarse tal circunstancia na «relación de achegas de produtos de tratamento de lodos de depuradora no trimestre» (anexo XI deste decreto). A responsabilidade de tal anotación corresponde á persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento, aínda que a aplicación material nas parcelas autorizadas sexa feita polo titular do punto de acumulación.

3. A posta en funcionamento dun punto de acumulación debe ser previamente solicitada pola persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento ante a consellería competente en materia de produción agraria. Xuntarase á solicitude a seguinte documentación:

a) Unha memoria descritiva, acompañada de planos, que conteña información suficiente sobre a situación exacta do punto de acumulación, as dimensións e volume útil –no caso dunha fosa, silo trinchera ou balsa–, a orixe e periodicidade de depósito do PTLD que vai ser acumulado, a relación de parcelas que van ser subministradas e os accesos con que conta o punto de acumulación. Especificarase se o punto de acumulación vai contar con cuberta e, de ser así, de que tipo vai ser esta. Se non se ten previsto contar con ela, farase o cálculo do volume adicional de fosa ou balsa con que haberá que contar, en función dos datos medios de precipitacións mensuais na zona, a superficie exposta á intemperie do punto de acumulación e o período máximo de acumulación de PTLD no punto en cuestión.

b) Unha autorización asinada polo titular do punto de acumulación –sexa unha parcela, para as moreas, ou sexa unha fosa/silo/balsa, nos outros casos– a favor da planta de tratamento, para que esta leve a cabo no dito punto o depósito do PTLD exclusivamente nas cantidades necesarias para a súa repartición posterior nas parcelas que lle ceden.

c) Documentación acreditativa de que a propiedade da parcela ou instalación onde se pretende facer o punto de acumulación corresponde ao titular cedente.

d) Se a realización material da aplicación do PTLD acumulado vai ser levada a cabo polo titular cedente das parcelas e do punto de acumulación, achegarase un compromiso, asinado polo representante legal da persoa física ou xurídica explotadora da planta de tratamento, de que esta asumirá as seguintes obrigas:

– Entregar ao titular cedente, xunto coa ficha de rastrexabilidade do lote de PTLD depositado no punto de acumulación, indicacións precisas da cantidade daquel que poden aplicar en cada un dos recintos (ou agregados) autorizados e cedidos por tal cedente.

– Anotar a data de aplicación, a dose achegada de PTLD (e a súa conversión en nitróxeno e fósforo) e a identificación do recinto ou agregado onde se fai a aplicación, na «Relación de achegas de PTLD no último trimestre» (anexo XI deste decreto), tan pronto como o titular cedente lle comunique que tal aplicación tivo lugar.

4. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución das solicitudes de autorización dun punto de acumulación de PTLD será de seis meses. Transcorrido este prazo sen que sexa notificada a correspondente resolución expresa, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, conforme o artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Unha copia da resolución de autorización do punto de acumulación, de ser tal resolución expresa, será enviada ao titular cedente do dito punto.

Artigo 18. Obrigas dos titulares cedentes de parcelas para a aplicación de produtos do tratamento de lodos de depuradora.

Os titulares cedentes de recintos SIXPAC para a aplicación de PTLD deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Nos recintos que teñan cultivos ou aproveitamentos forraxeiros, non levar o gando a pastar nin facer cortes ou segas sen que teñan transcorrido, como mínimo, tres semanas desde a data da última aplicación do PTLD.

b) Non sementar ou plantar cultivos hortícolas ou frutícolas –agás que se trate de árbores froiteiras dun porte que asegure que non vai haber contacto dos froitos co chan– en recintos que recibisen PTLD nos dez meses anteriores á data prevista de recolección.

c) Comunicar á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria o cambio de cultivo ou aproveitamento dunha parcela autorizada para aplicación de PTLD, cando tal cambio implique que o novo uso da terra deba clasificarse dentro doutro dos 3 grandes grupos de cultivo/aproveitamento (Cultivos herbáceos ou leñosos/Superficies de aproveitamento forraxeiro naturais ou non sementadas/Superficies forestais) que constan na columna de encabezamento «Tipo de cultivo» das táboas das alíneas b) e c) do anexo XII deste decreto. Tamén é obriga do titular cedente comunicar a súa intención de establecer ou sementar, na parcela autorizada, un cultivo incompatible coa aplicación de lodos.

d) Exixir á planta de tratamento a entrega das fichas de rastrexabilidade e as análises correspondentes dos lotes de PTLD que aquela aplique nas parcelas que lle cedeu, e, así mesmo, archivar tales fichas durante 5 anos, á disposición da Administración ante calquera inspección. Igualmente, deberá exixir á planta de tratamento a entrega de copia dos documentos «Relación de achegas de PTLD no último trimestre» (anexo XI deste decreto) que correspondan ás parcelas que lle ceden.

e) Comunicar á planta de tratamento as achegas nitroxenadas que fixese (en forma de fertilizantes minerais, de esterco ou xurro) ao longo do ano, para os efectos de que aquela as considere no cálculo da cantidade de PTLD que pode ser aplicada nos recintos que lle cedeu. Esta comunicación é especialmente importante se o recinto está comprometido nalgunha liña agroambiental, polas circunstancias que se describen no seguinte punto.

f) Se o titular cede para aplicación de PTLD un recinto para o cal solicitase solicitado –ao seu nome ou a nome dunha entidade de que poida ser cotitular– algunha liña agroambiental do CES (distintas das nomeadas na letra j do artigo 12.1 deste decreto), deberá anotar as aplicacións deses produtos –coa data, cantidade e conversión en unidades fertilizantes de nitróxeno (U.F.N)– no caderno de explotación, toda xa que son achegas nitroxenadas, e que como tales, computan para o compromiso de non superar 150 U.F.N/ha*ano que asume todo solicitante de axudas CES para os recintos solicitados. A mesma obriga e restrición é aplicable a un recinto que cedese ao xestor con anterioridade para o que, nunha determinada campaña, pretenda solicitar tales axudas; neste caso será responsabilidade do titular cedente dar aviso ao xestor para que este axuste as achegas de PTLD de xeito que non se supere o limiar de 150 U.F.N/ha*ano.

g) Se a explotación do titular cedente dispón dun punto de acumulación de PTLD autorizado en virtude do artigo 17 deste decreto, e vai ser el quen leve a cabo a aplicación material dos ditos PTLD, deberá de facer tal aplicación exclusivamente dentro dos límites dos recintos autorizados e nas doses que a planta de tratamento lle indicase. Comunicará á planta de tratamento a data, dose e parcela de aplicación, tan pronto como teña ocorrido esta, para a súa anotación na «relación de achegas de PTLD» do trimestre correspondente.

h) Se o titular cedente dispón dun punto de acumulación autorizado na súa explotación, almacenará nel exclusivamente o PTLD subministrado pola planta de tratamento, sen mesturalo con xurros ou calquera outro subproduto agrario, a fin de que no momento da aplicación de tal PTLD siga a ser coñecida a súa verdadeira composición.

CAPÍTULO III

Potestade sancionadora e incumprimentos

Artigo 19. *Incumprimentos imputables aos produtores de lodos de depuradora e ás plantas de tratamento.*

1. Ante a constatación por parte da Administración de indicios de inobservancia ou vulneración das obrigas recollidas no artigo 13 do presente decreto –para o caso dos produtores de lodos–, nos artigos 14 a 17 –para o caso das plantas de tratamento–, ou ben dos termos e condicións da autorización concedida ao produtor/xestor, procederase á avaliación das circunstancias e feitos constatados a fin de determinar se poden ser cualificadas dentro das infraccións administrativas tipificadas no artigo 46 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

A dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria, unha vez que conte, para o seu estudo, con toda a documentación descritiva dos feitos constatados –se esta non estivese xa no seu poder– emitirá un informe-proposta en que recollerá a actuación que propón sobre o produtor ou xestor implicado.

Tal informe-proposta será enviado á consellería competente en materia de medio ambiente para que, pola súa vez, emita informe sobre os feitos e a procedencia ou non de tramitar o procedemento legal ou regulamentariamente establecido, a fin de que, se é o caso, dite a debida resolución sancionadora.

2. Cando a sanción imposta consista na inhabilitación para o exercicio da actividade vinculada a lodos de depuradora, ou ben a revogación ou suspensión da autorización inicialmente concedida, a resolución ditada polo órgano con potestade sancionadora será comunicada inmediatamente á dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria para que esta verifique a observancia da sanción ao longo do período que se establecese para esta na antedita resolución.

Artigo 20. *Incumprimentos imputables aos titulares cedentes de parcelas para a aplicación de produtos do tratamento de lodos de depuradora.*

1. Ante a constatación por parte da dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria de feitos que poidan supoñer inobservancia ou vulneración das obrigas do titular cedente recollidas no artigo 18 deste decreto, a mesma dirección xeral avaliará se aqueles poden constituír, pola súa vez, incumprimentos das obrigas de condicionalidade, definidas no artigo 3 do Real decreto 486/2009, do 3 de abril,

polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da PAC, os beneficiarios de determinadas axudas ao desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas dos programas de apoio á reestruturación e á prima de arrinque da viña.

2. Posto que entre os requisitos legais de xestión, recollidos no anexo I do R.D. 486/2009, constan as disposicións contidas nas normas nacionais relativas á utilización de lodos de depuradora en agricultura, de seren os anteditos feitos constatados atribuíbles ao titular e se este é solicitante dunha axuda dalgún dos réximes a que fai referencia o artigo 1 do dito real decreto, tal titular podería ver reducido ou anulado o importe da súa axuda en aplicación do artigo 8 desa mesma norma.

CAPÍTULO IV

Rexistro das actividades de aplicación de PTLD en solos agrarios de Galicia

Artigo 21. Natureza e xestión do rexistro das actividades de aplicación de PTLD en solos agrarios.

1. O rexistro de actividades de aplicación de PTLD en solos agrarios de Galicia terá natureza informativa, non constitutiva, creado para os efectos de permitir o control administrativo dos axentes implicados en tales actividades (EDAR/EDARI, plantas de tratamento, titulares cedentes de parcelas) e do correcto exercicio delas. Será xestionado pola dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria.

2. Para a súa posta en marcha e actualización, este rexistro de oficio tomará datos contidos noutros xa existentes xestionados por órganos administrativos vinculados aos residuos, así como aqueles datos que obteña a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de produción agraria, como consecuencia da aplicación deste decreto.

3. Unha aplicación informática xestionada pola antedita dirección xeral permitirá a captación –desde soportes telemáticos– das fichas trimestrais de aplicacións de PTLD en parcelas, completadas polos xestores, para o seguimento do correcto desenvolvemento da actividade, e a toma de medidas correctoras coa maior rapidez, se for o caso.

4. Será responsabilidade da mesma unidade administrativa a remisión ao Rexistro Nacional de Lodos, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, dos resumos semestrais de movementos e lotes de lodos sen tratar, emitidos polas EDAR e EDARI que

non contén con tratamentos de lodos, e dos mesmos documentos referidos a produtos do tratamento de lodos, emitidos polas plantas de tratamento.

Artigo 22. *Estrutura do rexistro.*

O rexistro constará de tres seccións:

a) Sección de EDAR e EDARI autorizadas para a subministración de lodos a plantas de tratamento.

b) Sección de plantas autorizadas de tratamento de lodos.

c) Sección de parcelas autorizadas para a aplicación de PTLD.

Disposición adicional única.

Créase unha comisión de seguimento da xestión dos lodos de depuradora de Galicia na cal terán representación a consellería con competencias en materia de produción agraria e a de competencias en materia de ambiente, cada una delas con dous membros, e os organismos de bacías hidrográficas con ámbito de influencia na Comunidade Autónoma de Galicia, con dous membros por bacía, así como un membro da consellería con competencias en conservación da natureza.

Esta comisión xuntarase, á convocatoria do seu presidente, como mínimo, unha vez ao ano, e será presidida por quenda rotatoria anual por un representante de cada un dos organismos implicados.

A citada comisión aprobará un informe anual da situación da xestión dos lodos na Comunidade Autónoma, e será responsable da coordinación das actuacións dos organismos implicados en materia de información, sancións, divulgación entre os afectados e lexislación de desenvolvemento desta norma.

Disposición transitoria primeira. *Actualización e adaptación das resolucións de autorización xa dadas.*

As resolucións de autorización de actividades de produción ou xestión de lodos e PTLD para aplicación en solos agrarios que fosen dadas antes da entrada en vigor do presente decreto serán obxecto de revisión polo órgano autorizante e, tras audiencia co interesado, serán emitidas e notificadas cos seus termos adaptados.

En particular serán sometidos a adaptación:

a) A cualificación dos xestores. Aqueles actualmente autorizados para a actividade de valorización «valorización de residuos para elaboración de fertilizantes», pero que non consten inscritos como produtores de fertilizantes no rexistro correspondente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou da Comunidade Autónoma, dado que os produtos que obteñen a partir de residuos non poden ser postos en mercado con tal denominación (ao quedaren fóra das especificacións para estes produtos definidas no R.D. 824/2005, sobre fertilizantes), serán recualificados como xestores de residuos para outra actividade, cuxo enunciado corresponde determinar ao órgano competente en materia de calidade e avaliación ambiental.

b) A subcualificación dos produtores de lodos de depuradora ou de produtos do seu tratamento (PTLD) que pretendan destinar estes para utilización en agricultura. No que se refire ás resolucións de autorización dos produtores de lodos sen tratar (EDAR e EDARI) que pretendan destinar estes, mediando a súa entrega a unha planta de tratamento, á utilización agraria, ditaranse tales resolucións facendo constar que se autoriza o interesado como «produtor de residuos aptos para utilización en agricultura logo de tratamento», así como o código LER de aqueles que se lle permite destinar a tal uso.

Polo que respecta ao produtores de PTLD que pretendan destinar estes a utilización agraria, ben cos seus propios medios ou ben mediando un terceiro, nas súas resolucións constarán os códigos LER dos residuos que está autorizado a recibir para o seu tratamento (con indicación dos seus respectivos produtores), así como os PTLD que se lle permite destinar á utilización en agricultura.

Os residuos que están autorizados a recibir para o seu tratamento deberán de estar incluídos dentro dos que constan no artigo 3, puntos 1 e 2, do presente decreto. As plantas de tratamento non poderán admitir, para incorporar aos seus substratos e mesturas de tratamento, ningún residuo distinto dos que lle fosen autorizados nin produtos rexeitados de obtención de tecnosolos. Para evitar a posible perda de rastrexabilidade e a dilución de responsabilidades ante calquera dano ambiental ou para a saúde, tampouco poderán admitir PTLD procedentes doutras plantas de tratamento para incorporar ás súas mesturas, agás no caso dun PTLD que fose elaborado nunha EDAR ou EDARI con capacidade para tratar os seus propios lodos e que utilice estes como único e exclusivo substrato de tratamento.

Disposición transitoria segunda. *Actualización e adaptación das parcelas e agregados de parcelas xa autorizadas.*

A unidade competente en sanidade e produción vexetal remitirá a cada xestor, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto, a relación das parcelas cedidas

ao seu favor con indicación das incidencias detectadas para que alegue o que considere oportuno ou ben dea o visto e praxe á relación de parcelas modificada mediante a súa devolución asinada.

Disposición transitoria terceira. *Tramitación electrónica.*

Cando estea dispoñible a sede electrónica que permita a tramitación telemática das solicitudes previstas neste decreto, habilitaranse os medios necesarios para posibilitar a súa presentación por ese medio.

Disposición derradeira primeira.

Autorízanse as persoas titulares das consellerías competentes en materia de ambiente e de produción agraria para ditaren as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda.

O presente decreto entrará en vigor aos 20 días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de maio de dous mil doce.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO I

Valor máximo de concentración de metais pesados nos lodos destinados a aplicación en solos agrarios

| Parámetro | Valor máximo (expresado en mg/kg de materia seca) segundo o pH do solo ⁽¹⁾ | |
|---------------|---|------------------|
| | Solos con pH < 7 | Solos con pH ≥ 7 |
| Cadmio (Cd) | 20 | 40 |
| Cobre (Cu) | 1.000 | 1.750 |
| Níquel (Ni) | 300 | 400 |
| Chumbo (Pb) | 750 | 1.200 |
| Zinc (Zn) | 2.500 | 4.000 |
| Mercurio (Hg) | 16 | 25 |
| Cromo (Cr) | 1.000 | 1.500 |

⁽¹⁾ Se a EDAR/EDARI non conta con capacidade técnica para tratar os seus lodos e ten que facer entrega destes a unha planta de tratamento, descoñecerase, no momento de avaliar a aptitude dos ditos lodos, que parcelas receptoras van ser utilizadas para a súa aplicación; consecuentemente, tampouco será coñecido o pH do solo das parcelas. Como os solos de Galicia son maioritariamente ácidos (é dicir, cun pH<7), serán os limiares establecidos para este tipo de solos os que se tomen como referencia.

Valor máximo de concentración de hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAH) en lodos destinados á aplicación en solos agrarios

| Parámetro | Valor máximo (expresado en mg/kg de materia seca) |
|---------------------------------|---|
| Benzo-(a)-pireno ⁽²⁾ | 1,0 |

⁽²⁾ Só será exigible a determinación deste parámetro nos lodos que se pretenda destinar á aplicación en solos agrarios e que proceden dunha EDAR que teña unha poboación equivalente de deseño igual ou maior de 50.000 habitantes equivalentes.

**ANEXO II
Tratamentos dos lodos de depuración**

Para obter un produto do tratamento de lodos de depuradora (PTLD) admítense os seguintes tratamentos:

- Compostaxe en moreas volteadas. O proceso deberá asegurar que se acada unha temperatura no interior da masa que está sendo compostada de, ao menos, 55 °C e que tal temperatura se mantén ao longo dun período non inferior a 4 horas entre cada volteo. Faranse como mínimo tres volteos da masa que está sendo compostada, que irán seguidos dun período de maduración ata completar o proceso de estabilización por compostaxe.
- Compostaxe en moreas estáticas ventiladas ou en tuneles. O material que se pretende compostar manterase a un mínimo de 40 °C durante, ao menos, 5 días e por 4 horas durante este período a un mínimo de 55 °C. Este será seguido por unha fase de maduración ata completar o proceso de estabilización por compostaxe.

En calquera dos tratamentos de compostaxe admitidos, a incorporación á mestura para compostar de residuos sólidos autorizados que, pola súa natureza e composición, teñan unha biodegradación lenta (tal é o caso dos materiais calcáreos –p.e., cunchas–, queratínicos –p.e., plumas, pelo, escamas–, lignificados ou celulósicos –p.e., madeira, cortiza, palla, papel, carabuñas, fibras téxtiles–) terá que ir acompañada dunha picadura ou molturación, segundo sexa o caso, que asegure anacos de tamaño non maior de 25 mm.

O contido mínimo de materia seca dos produtos obtidos mediante compostaxe en calquera das súas formas será 60%.

- Outras formas de estabilización termófila aeróbica distinta da compostaxe, sempre que estas aseguren unha temperatura, no interior da masa tratada, de como mínimo 55 °C cun

tempo de retención de 20 días en «batch», é dicir, sen admisión nin retiradas de material no lote tratado durante tal período.

- Dixestión anaerobia termófila, a una temperatura mínima de 53 °C cun tempo de retención media de 20 días, ou ben mantendo o produto que se está a dixerir á mesma temperatura mínima durante 20 horas pero en «batch», é dicir, sen alimentación nin purgas do dixestor durante o proceso.

